

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A FUNDACIÓN DORZÁN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "MÚSICA E SAÚDE" NO HOSPITAL UNIVERSITARIO DE OURENSE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 27 de xuño de 2025, coa entidade Fundación Dorzán o instrumento convencional arriba referido, que ten unha vixencia de 2 anos, a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Fundación Dorzán e o Servizo Galego de Saúde (Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras), para o desenvolvemento do programa denominado "Música e Saúde" no Hospital Universitario de Ourense, que ten como obxectivo mellorar a estancia hospitalaria de pacientes, familiares e persoal sanitario.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A Lei 45/2015 do 14 de outubro, de voluntariado ven a substituír á Lei 6/1996 do 15 de xaneiro que regulou por primeira vez, no ámbito estatal o voluntariado supoñendo un fito importante no seu recoñecemento e fomento. A nova lei promúlgase co obxecto de dotar ao voluntariado dun marco xurídico que responda adecuadamente á súa configuración e dimensións actuais.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 1 da Lei 10/2011 do 28 de novembro, de acción voluntaria, indica que o seu obxecto é a ordenación e fomento da participación solidaria e altruísta da cidadanía nas actividades de acción voluntaria organizadas por entidades de acción voluntaria ou directamente pola Administración autonómica ou pola Administración local para o desenvolvemento de programas concretos e regular as relacións que, con respecto ás devanditas actividades, se poidan establecer entre as persoas voluntarias, as entidades de acción voluntaria e as persoas destinatarias da acción voluntaria e as administracións públicas de Galicia.

De acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o 13 de xaneiro de 2020 asínase un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Servizo Galego de Saúde para a implantación do programa de acompañamento nos hospitais e centros de saúde na comunidade autónoma de Galicia.

O convenio establece unha canle de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, e o Servizo Galego de Saúde, para a implantación, a través das distintas áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do programa acompañamento nos hospitais e centros de saúde, un programa de humanización consistente no acompañamento con persoas voluntarias aos/as usuarios/as e visitantes que reciben asistencia sanitaria, nalgún centro público do Servizo de Saúde.

Que o Decreto 145/2024 do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é un organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á consellería competente en materia de Sanidade, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

A xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras a través do servizo de Humanización do Hospital Universitario de Ourense, ten, entre outras moitas, a finalidade de contribuír a mellorar a estancia hospitalaria dos pacientes ingresados e dos pacientes usuarios dos hospitais de día, e para elo desenvolve actividades e programas que contribúen a tal fin.

Que a Fundación Dorzán é unha institución benéfico social e sen ánimo de lucro que ten por obxecto a axuda e a asistencia ao colectivo da terceira idade co fin de mellorar a súa calidade de vida e benestar social. Dentro das súas áreas de actuación está a de fomentar programas e actividades que contribúan a unha mellora da saúde e a un maior benestar no colectivo das persoas maiores.

Que o programa "Música e Saúde" ten a finalidade de mellorar a estancia hospitalaria a través da música en directo para pacientes, familiares e persoal sanitario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

